

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 04.11.2024, (DOG núm. 218 do 12 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 14.08.2024 (DOG núm. 169, do 03.09.2024)

En sesión que tivo lugar o 03.12.2024, este tribunal, vistas e contestadas todas as alegacións presentadas en relación á baremación provisional dos méritos alegados neste proceso publicada o 25.11.2024 na páxina web da Agasp,

ACORDOU:

Publicar como anexo a esta resolución a baremación definitiva da fase de concurso do proceso de acceso por promoción interna (PR461C), con indicación da puntuación acadada polas persoas aspirantes en cada epígrafe, segundo o disposto nas bases xerais reguladoras da convocatoria 6.2 e 9 e de conformidade co anexo IV da convocatoria que recolle a táboa de méritos aplicable.

Segundo o establecido no punto 5.9 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

